

PARA ENTENDER MELLOR A HISTORIA E O PRESENTE DO BNG

O libro consta, grosso modo, dunha introdución na que o autor explica a necesidade de distanciarse do analizado e liberarse previamente de paixóns, buscando un procedemento aceptábel de facer Historia, moi difícil no pasado inmediato e máis se o que escribe tivo presenza nos acontecementos. Explícase o xeito de facelo e trabállase con esa vontade.

O capítulo segundo está dedicado ás Mareas. O terceiro entra na hexemonía política e social do PP e na posición predominante do PSOE na esquerda, de momento e até agora durante todo o período democrático, haxa ou non adiantamento electoral nas autonómicas.

O cuarto analiza a temporada de dez anos de deserto do BNG, lonxe seguramente de xuízos previos, tendo en conta os valores dun colectivo que iso resiste. Na nova presenza entra Ana Pontón coa súa nova forma de facer, visto sempre desde a distancia analítica. O BNG e o poder fala de moitas cousas e describe entre outras a relación de atracción-repulsión que provocan no Bloque as institucións autonómicas, que quizais sexan, así se aprecia, sentidas como principal valor indentitario pola maior parte da poboación. Segue Cinzas e Chamas, con referencias e símbolos da organización, miradas excesivas cara o pasado, ausencias do conflito, apelando a evocacións a referentes pasadistas. Éntrase algo en certos erros e problemas, o AVE, o cupo galego, etc.

Despois no poder no BNG, e a continuación no poder da UPG, para a despois describir un xeito de revisar tal anacronismo vangardista, co exemplo tupamaro (José Mújica e outros) no Frente Amplio do Uruguai, de tantos éxitos e trunfos.

As outras cincuenta páxinas dedícanse a dúas achegas estruturais, feitas ao BNG, pero que son de marca branca, útiles, se conseguen selo, para a esquerda de calquera tendencia. Unha titúlase Laboratorios, Escolas e Tours. Fala da necesidade da formación dos militantes e cargos públicos; da trampa do ensino regrado como homologación suficiente; do engado que crean as xestións modélicas, neste caso Fene, Allariz e Pontevedra; da falsa crenza de que con acadar os gobernos se produce a maxia do bo goberno. Afóndase na necesidade de coñecer experiencias semellantes, noutras partes, especialmente de tres, impresionantes no mundo operario e artesán, que se describen: A Fratocchie, Les Compagnons du Tour de France e os Wandergesellen.

A outra achega titúlase Por uns sindicatos con labor asistencial. Sindicatos ou entidades creadas ex-novo para socorrer aos empurrados cara a marxinalidade e a miseria; como nunca desde hai moitos lustros. Non é admisíbel que a única asistencia proceda de entidades como Cáritas e que a esquerda estea só a intentar resolver dentro das institucións do Estado, imprescindible por outra banda, sobra dicilo. Descríbense exemplos do pasado, Casas do Pobo, o Socorro Vermello, e até a Sociedade de Instrução e Beneficência A Voz do Operário de Lisboa, fundada en 1883 e que cruza tres séculos deica a actualidade e aí está, axudando aos máis desfavorecidos. Reflexiónase tamén, sucintamente, sobre a caridade e a solidariedade. E tamén sobra as consecuencias humanas da terríbel crise actual.

ÍNDICE

1.Introdución	5
2.A inmaduridade narcisista	11
3.Tutelas e tutías	19
4.A nova presenza do BNG	27
Unha temporada no deserto	28
A nova presenza	32
O BNG e o poder	34
Cinzas e chamas	40
a) O tren de alta velocidade	40
b) As evocacións patrióticas	45
c) O “Cupo” galego	48
d) Unha nación anciá	49
O poder no BNG	52
O poder da UPG	55
A xerarquía	60
Non ser vangarda de nada	62
5.Laboratorios, escolas e tours (1ª achega)	65
Buscar no pasado	74
Fratocchie	77
Compagnons e Wandergesellen	84
O espellismo do ensino regrado	87
6.Por uns sindicatos con labor asistencial (2ª achega)	95
Arestora	100
Algúns datos do pasado e do presente	102
A caridade	108
Exemplos na historia do Movemento Obreiro	109
O problema organizativo	112
7.Bibliografía citada	117
8.Índice onomástico	121

ÍNDICE

1.Introdución	5
2.A inmaduridade narcisista	11
3.Tutelas e tutías	19
4.A nova presenza do BNG	27
Unha temporada no deserto	28
A nova presenza	32
O BNG e o poder	34
Cinzas e chamazas	40
a) O tren de alta velocidade	40
b) As evocacións patrióticas	45
c) O "Cupo" galego	48
d) Unha nación anciá	49
O poder no BNG	52
O poder da UPG	55
A xerarquía	60
Non ser vangarda de nada	62
5.Laboratorios, escolas e tours (1ª achega)	65
Buscar no pasado	74
Fratocchie	77
Compagnons e Wandergesellen	84
O espellismo do ensino regrado	87
6.Por uns sindicatos con labor asistencial (2ª achega)	95
Arestora	100
Algúns datos do pasado e do presente	102
A caridade	108
Exemplos na historia do Movemento Obreiro	109
O problema organizativo	112
7.Bibliografía citada	117
8.Índice onomástico	121